



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 547

IV lexislatura

5 de novembro de 1996

SUMARIO

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS

- Resolucións subseguintes ó debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. 14.985

3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI

3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO

3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS

- Proposición non de lei en Pleno formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Antonio Gato Soengas e D. Ismael Rego González, sobre a realización da xestión para a creación en Lugo dun centro asociado da Universidade Nacional a Distancia (núm. 11.180). 14.991

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS

- Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta formulada por D. José Carlos Baños

Márquez e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da demora na execución de obras hidráulicas polo Goberno galego en Vigo e as previsións ó respecto (núm. 11.854. Pregunta núm. 10.614).

14.991

- Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta formulada por D. José Carlos Baños Márquez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos á recadación do canon de saneamento e as previsións do Goberno galego ó respecto (núm. 11.855. Pregunta núm. 10.681). 14.992

9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

9.1 INFORMACIÓNS

- Rexeitamento da Proposición de lei formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D^a María Pilar García Negro, de reforma da Lei do Estatuto galego do consumidor e usuario (núm. 10.031). 14.993
- Rexeitamento da Moción formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Xesús Vega Buxán, sobre o cumprimento

SUMARIO

- do previsto na Lei 12/1993, do 29 de xullo, de fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico de Galicia (núm. 11.516. Interpelación núm. 8.696). 14.993
- Rexeitamento da Moción, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a presentación pola Xunta de Galicia ante o Goberno central das demandas de mellora do ferrocarril aprobadas no Parlamento e a correspondente consignación presupostaria para 1997 (núm. 11.524. Interpelación núm. 10.025). 14.993
- Rexeitamento da Proposición non de lei en Pleno formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Xaime Bello Costa, sobre o mantemento da actual estrutura organizativa do centro mineiro-eléctrico integrado de ENDESA nas Pontes (núm. 10.642). 14.994
- Rexeitamento da creación dunha Comisión de investigación, formulada por unha quinta parte dos deputados da Cámara pertencentes ó G.P. dos Socialistas de Galicia, para determina-los motivos, as consecuencias e as presuntas responsabilidades derivadas da actuación dos responsables do Sergas e da Xunta de Galicia en relación coa entrega de diñeiro público á empresa Huarte (núm 11.507). 14.994
- Retirada da Pregunta oral en Pleno formulada por D. José Antonio Ventoso Mariño e D. Uxío Labarta Fernández, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a realización de xestións ante o Goberno central respecto das cotas de fletán e de bacallao implantadas na NAFO para a flota galega (núm. 11.361). 14.994

3

PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA****3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS**

Resolucións subseguintes ó debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 9 de outubro de 1996, no punto único da orde do día, "Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución", aprobou as seguintes resolucións:

Resolución relativa á adopción pola Unión Europea de normas sobre as condicións sanitarias para a produción e comercialización dos produtos do mar.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado as xestións oportunas ante a Comisión Europea para que, coa maior urxencia, no seo da UE se dispoña de normas completas e homoxéneas para tódolos estados membros sobre as condicións sanitarias para a produción e comercialización dos produtos do mar, especialmente en relación cos episodios tóxicos de orixe fitoplanctónica, e se revisen as normas verbo das epizootias que afectan ós moluscos bivalvos."

(Resolución núm. 24, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes, con modificacións respecto do texto orixinal)

Resolución relativa á elaboración da proposta española para a redefinición da política común de pesca.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado que promova e articule un grupo de traballo entre a Administración central e as comunidades autónomas costeiras a fin de elaborar a proposta española para a redefinición da política común de pesca (PCP), que terá lugar no ano 2002."

(Resolución núm. 23, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 13 abstencións)

Resolución relativa ó despacho de buques de pesca.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado a creación dun grupo de traballo conxunto para estudar a fórmula máis adecuada para conseguir a mellor coordinación entre administracións e evitar que se produzan situacións irregulares cos despachos de buques de pesca."

(Resolución núm. 22, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 13 abstencións)

Resolución relativa ás ensinanzas e titulacións marítimo-pesqueiras, de navegación, pesca e mergullo, e transporte marítimo.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado a publicación máis inmediata posible da normativa básica relativa ás "titulacións menores" en materia de ensinanzas marítimo-pesqueiras e de mergullo, así como a que se estableza a correspondencia profesional dos títulos académicos -tanto medios coma superiores- de navegación, pesca e mergullo, e transporte marítimo."

(Resolución núm. 21, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes, con modificacións respecto do texto orixinal)

Resolución relativa á xestión dos fondos do IFOP.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado que se articulen os mecanismos precisos para que se poida coñecer en cada momento a dinámica de xestión dos fondos do IFOP, tanto do 35% que reserva para si a Administración central coma dos correspondentes ás distintas comunidades autónomas, para, no caso necesario, arbitrar

algunha reorientación de modo que nunca se corra o perigo de que se malogre calquera financiamento."

(Resolución núm. 20, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes, con modificacións respecto do texto orixinal)

Resolución relativa á rexionalización das xustificacións da xestión do IFOP.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado as xestións oportunas ante a Comisión Europea co fin de que as xustificacións da xestión do IFOP se poidan facer de forma rexionalizada e independente, para que unhas rexións non dependan da execución das outras."

(Resolución núm. 19, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes)

Resolución relativa á modificación do Plan sectorial de pesca.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado as xestións oportunas para modifica-lo Plan sectorial de pesca (PSP), presentado no seu día ante a Comisión Europea, a fin de que nel se poidan corrixi-las lagoas existentes, de modo que recolla as particularidades de maior interese para as distintas comunidades, que no caso de Galicia é a inclusión do marisqueo a pé."

(Resolución núm. 18, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes, con modificacións respecto do texto orixinal)

Resolución relativa á inspección de buques de pesca.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado a habilitación dos servizos de Inspección e Vixilancia Pesqueira da Xunta de Galicia para poder realizar inspeccións operativas de seguridade a bordo de buques de pesca, sen prexuízo de que os correspondentes servizos do Estado sigan a operar nesa materia."

(Resolución núm. 17, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 13 abstencións)

Resolución relativa á implantación dos puntos de atención continuada (PAC).

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia para acelerar-la implantación dos puntos de atención continuada (PAC) en todo o territorio da Comunidade, logo das oportunas xestións cos concellos."

(Resolución núm. 16, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes, con modificacións respecto do texto orixinal)

Resolución relativa ás actividades asistenciais sanitarias.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a potenciar-los programas que integren as accións preventivas de eficacia probada nas actividades asistenciais sanitarias."

(Resolución núm. 15, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664 -, aprobada por unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes, con modificacións respecto do texto orixinal)

Resolución relativa ó Programa de prevención do consumo de drogas.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a estender e ampliar-la cobertura do Programa de prevención do consumo de drogas nas escolas para o curso 1996-1997 nun 40%, chegando a 600 centros educativos."

(Resolución núm. 14, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por 52 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstencións)

Resolución relativa ó Plan autonómico de drogodependencias.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a continuar e ampliar-lo sistema de avaliación de programas de prevención e incorporación social do Plan autonómico de drogodependencias."

(Resolución núm. 13, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes)

Resolución relativa ó traspaso de equipamentos sociais ós concellos.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a continuar o proceso de transferencia de equipamentos sociais susceptibles de ser traspasados ós concellos."

(Resolución núm. 12, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 13 abstencións)

Resolución relativa á infraestrutura ferroviaria.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a continuar coas xestións encamiñadas a conseguirla materialización das propostas en materia de infraestrutura ferroviaria aprobadas de xeito unánime nesta Cámara, aproveitando a primeira xuntanza bilateral Xunta-Goberno central sobre os problemas ferroviarios galegos, que ten que supoñer a confirmación das anteriores xestións realizadas."

(Resolución núm. 11, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por 39 votos a favor, 19 votos en contra e 13 abstencións)

Resolución relativa ó remate das autovías de conexión coa Meseta.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande da Administración central o remate, o máis pronto posible, das autovías de conexión coa Meseta."

(Resolución núm. 10, a iniciativa Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por 39 votos a favor, 32 votos en contra e ningunha abstención)

Resolución relativa á ampliación da cota láctea dos gandeiros galegos.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a seguir reivindicando ante a Administración central a ampliación, como mínimo a 2 millóns de toneladas, da cota

láctea dos gandeiros galegos e a conseguir que se reduzan ó mínimo as sancións impostas pola UE."

(Resolución núm. 9, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por 39 votos a favor, 32 votos en contra e ningunha abstención)

Resolución relativa á transformación da rede telefónica galega en rede dixital de servizos integrados.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia ó remate da transformación da rede telefónica galega en rede dixital de servizos integrados (RDSI), que abrirá a vía para aplicacións informáticas que cambiarán radicalmente o noso futuro cara ó século XXI."

(Resolución núm. 8, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por 39 votos a favor, 19 votos en contra e 13 abstencións)

Resolución relativa ás obras previstas nas estradas.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a continuar coas obras previstas no Plan de estradas (vías de alta capacidade e rede primaria básica), así como a rede primaria complementaria."

(Resolución núm. 7, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por 39 votos a favor, 19 votos en contra e 13 abstencións)

Resolución relativa á distribución de gas natural.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a cumprir nos prazos previstos -outubro de 1997- co compromiso de dispoñer da distribución de gas natural nas principais cidades galegas."

(Resolución núm. 6, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por 39 votos a favor, 19 votos en contra e 13 abstencións)

Resolución relativa ó aforro enerxético e á redución da contaminación atmosférica.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar os esforzos necesarios para conseguir un aforro enerxético importante, mediante a implantación do gas natural e a produción de enerxías renovables, para o cal deberán arbitrarse as medidas oportunas para reducir, antes de cinco anos, en 5 millóns de toneladas as emisións de CO₂ á atmosfera e en 500 mil toneladas as de xofre."

(Resolución núm. 5, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes)

Resolución relativa ó desenvolvemento dos parques eólicos.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a facilitar as condicións necesarias para o desenvolvemento dos parques eólicos recentemente aprobados, por canto supoñen unha importante produción de enerxía limpa."

(Resolución núm. 4, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por 38 votos a favor, 18 votos en contra e 13 abstencións)

Resolución relativa á autovía do Cantábrico.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a continuar as negociacións coa Administración central para conseguir que se continúe ata Galicia a autovía do Cantábrico e a súa conexión coa autovía do Noroeste."

(Resolución núm. 3, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por 38 votos a favor, ningún voto en contra e 32 abstencións)

Resolución relativa á transferencia das competencias en materia de portos.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se continúen as negociacións coa Administración central para pecha-las transferencias das competencias en

materia dos portos de Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña e Ferrol-San Cibrao."

(Resolución núm. 2, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por 50 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstencións)

Resolución relativa á transferencia das competencias en materia de políticas activas de emprego do INEM, así como dos centros nacionais, escolas taller e casas de oficios.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se continúen as negociacións coa Administración central para pechar, no menor tempo posible, a transferencia das competencias en materia de políticas activas de emprego do INEM, así como dos centros nacionais, escolas taller e casas de oficios, e os correspondentes medios humanos e materiais."

(Resolución núm. 1, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia -doc. núm. 11.664-, aprobada por unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes)

Resolución relativa á transferencia das competencias en materia de políticas activas de emprego do INEM.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno do Estado a transferencia das políticas activas de emprego do INEM."

(Resolución núm. 45, a iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia -doc. núm. 11.666-, aprobada por unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes, con modificacións respecto do texto orixinal)

Resolución relativa ó ensino.

"O Parlamento de Galicia expresa a súa convicción de que o capital humano é a riqueza máis importante do país e, consecuentemente, insta o Goberno da Xunta a incrementar substancialmente os esforzos, as actuacións e as dotacións no campo do ensino co fin de mellora-los seus niveis educativos e culturais e dotar a Galicia de instrumentos útiles e eficaces ó servizo da modernización e da competitividade."

(Resolución núm. 43, a iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia -doc. núm. 11.666-, aprobada por unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes)

Resolución relativa á remisión ó Parlamento dun proxecto de lei do deporte.

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á remisión ó Parlamento, antes de tres meses, dunha Lei do deporte."

(Resolución núm. 38, a iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia -doc. núm. 11.666-, aprobada por unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes)

Resolución relativa á flota pesqueira galega.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ó Goberno do Estado para que leve a cabo unha política de consolidación da flota galega en augas internacionais, tendo en conta as seguintes medidas:

a) Defensa na NAFO da flota arrastreira conxeladora de longa distancia.

b) Campañas científicas en caladoiros internacionais co fin de avalialo estado dos recursos.

c) Diversificación da actividade da flota, mediante a realización de campañas experimentais en novos caladoiros e sobre novos recursos.

d) Novos acordos pesqueiros con Namibia, Sudáfrica, Malvinas, EE.UU., Perú, Chile, A India e outros, aproveitando os acordos preexistentes."

(Resolución núm. 21, a iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia -doc. núm. 11.666-, aprobada por unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes)

Resolución relativa á transferencia dos servizos e actividades dos portos de interese xeral de Galicia.

"A Xunta de Galicia reclamará a transferencia íntegra de tódolos servizos e actividades dos portos de interese xeral de Galicia (A Coruña, Ferrol-San Cibrao, Marín, Vigo e Vilagarcía)."

(Resolución núm. 95, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego -doc. núm. 11.665-, aprobada por 50 votos a favor, 2 votos en contra e 19 abstencións)

Resolución relativa ós tripulantes galegos en flotas mercantes.

"A Xunta de Galicia demandará do Goberno do Estado as actuacións precisas para o mantemento dos dereitos laborais e de prestacións dos tripulantes galegos en flotas mercantes, en especial das afectadas neste intre polo pool de Anvers."

(Resolución núm. 118, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego -doc. núm. 11.665-, aprobada por unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes, con modificacións respecto do texto orixinal)

Resolución relativa á cota de bacallao.

"A Xunta de Galicia insta o Goberno do Estado a demandar un aumento da cota de bacallao para a flota bacallaeira nas augas das Svalbard e noutros caladoiros."

(Resolución núm. 105, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego -doc. núm. 11.665-, aprobada por unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes, con modificacións respecto do texto orixinal)

Resolución relativa ós acordos pesqueiros con terceiros países.

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado novos acordos pesqueiros con Namibia, Sudáfrica, Malvinas, EE.UU., Arxentina, Perú, Chile e A India, para asegura-la supervivencia da flota de longo alcance."

(Resolución núm. 115, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego -doc. núm. 11.665-, aprobada por unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes)

Resolución relativa ó plan de pesca de Galicia en augas exteriores.

"A Xunta de Galicia elaborará un plan para a pesca de Galicia en augas exteriores co obxecto de man-

te-la actual flota de altura que actúa fóra das augas galegas."

(Resolución núm. 112, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego -doc. núm. 11.665-, aprobada por unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes)

Resolución relativa á investigación de novos caladoiros.

"A Xunta de Galicia implementará e financiará campañas de investigación para novos caladoiros e apoiaraas en augas internacionais en colaboración con outras administracións."

(Resolución núm. 104, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego -doc. núm. 11.665-, aprobada por unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes)

Resolución relativa ás actividades da flota do cerco en augas de Portugal.

"A Xunta de Galicia reclamará do Estado a negociación de máis licencias para a flota do cerco en augas de Portugal ou o establecemento dun acordo de tolerancia de límites."

(Resolución núm. 101, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego -doc. núm. 11.665-, aprobada por unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes)

Resolución relativa á excarceración e atención hospitalaria de reclusos en fase terminal.

"A Xunta de Galicia demandará a excarceración de reclusos en fase terminal internados nos cárceres situados en Galicia, cumprindo o mandato deste Parlamento, ofertando os servizos hospitalarios necesarios para poder levala á práctica."

(Resolución núm. 83, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego -doc. núm. 11.665-, aprobada por unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes)

Resolución relativa á impresión de publicacións financiadas ou subsidiadas pola Xunta de Galicia.

"Na edición de publicacións financiadas ou subsidiadas pola Xunta de Galicia favorecerase a impre-

sión no sector de empresas gráficas radicadas no país."

(Resolución núm. 41, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego -doc. núm. 11.665-, aprobada por unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes)

Resolución relativa á transferencia de competencias dos programas de escolas taller e casas de oficios.

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reclamarlle ó Estado español a transferencia de competencias dos programas de escolas taller e casas de oficios, facéndose efectivas no prazo de seis meses."

(Resolución núm. 26, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego -doc. núm. 11.665-, aprobada por unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes)

Resolución relativa a deseños curriculares e módulos de formación profesional.

"A Xunta de Galicia promoverá a implantación e consolidación dentro do sistema educativo de deseños curriculares e módulos de formación profesional que se axusten ás demandas e necesidades dun desenvolvemento integral da sociedade galega."

(Resolución núm. 2, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego -doc. núm. 11.665-, aprobada por unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes)

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 1996.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI

3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO

3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS

Proposición non de lei en Pleno formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Antonio Gato Soengas e D. Ismael Rego González, sobre a realización da xestión para a creación en Lugo dun centro asociado da Universidade Nacional a Distancia (núm. 11.180).

Presidencia

O Pleno do Parlamento de Galicia, en sesión celebrada o día 22 de outubro de 1996, aprobou, por unanimidade dos 60 deputados e deputadas presentes, a Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Antonio Gato Soengas e D. Ismael Rego González, sobre a realización da xestión para a creación en Lugo dun centro asociado da Universidade Nacional a Distancia (doc. núm. 11.180, publicado no BOPG núm. 522, do 27 de setembro de 1996), sen modificacións respecto do texto orixinal e co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que xestione a creación en Lugo dun centro asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), que atenda os alumnos que na actualidade se teñen que desprazar á Coruña, dándolle solución a unha franca discriminación no aspecto universitario daquela cidade e provincia.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 1996.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

4

PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.4 RESPÓSTAS A PREGUNTAS

Respostas remitidas pola Xunta de Galicia

Presidencia

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das respostas remitidas pola Xunta de Galicia que, a seguir, se relacionan:

- Á Pregunta formulada por D. José Carlos Baños Márquez e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da demora na execución de obras hidráulicas polo Goberno galego en Vigo e as previsións ó respecto (núm. 11.854. Pregunta núm. 10.614).

- Á Pregunta formulada por D. José Carlos Baños Márquez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos á recadación do canon de saneamento e as previsións do Goberno galego ó respecto (núm. 11.855. Pregunta núm. 10.681).

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 1996.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta formulada por D. José Carlos Baños Márquez e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da demora na execución de obras hidráulicas polo Goberno galego en Vigo e as previsións ó respecto (núm. 11.854. Pregunta núm. 10.614).

Ilmo. Sr.:

En relación coa Pregunta escrita nº 10.614, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Carlos Baños Márquez e dous deputados máis, sobre "as razóns da demora na execución de obras hidráulicas polo Goberno galego en Vigo e as previsións ó respecto" (publicada no BOPG nº 510, do 12 de setembro de 1996), teño a honra de enviarlle á V.E., para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, que ten o seguinte contido:

"Os atrasos nas obras de saneamento na ría de Vigo, que foron obxecto dun convenio entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e o Concello de Vigo, foron debidos á actitude do Goberno municipal do PSdeG-PSOE.

Tras varias reunións cos representantes do Concello de Vigo en abril de 1994 e posteriores, acordouse establecer un calendario de actuacións en mate-

ria de obras hidráulicas que realizaría a Xunta de Galicia nese concello.

A pesar de que existían dotacións presupostarias suficientes, o Concello non tramitou os expedientes en tempo e forma, co que se acumulou un atraso que prexudicou as aplicacións dos programas de obras hidráulicas.

A partir do segundo semestre do ano 1995 e durante o ano 1996 deuse un gran impulso á tramitación por parte do Concello, de tal forma que nos DOG do 25 e 26 de setembro de 1996 se licitaron as seguintes obras:

- EDAR de Teis: Presuposto 355.147.152 ptas.
- EDAR de Zamáns: Presuposto 316.526.772 ptas.
- Saneamento da parroquia de Cabral-colector da cabeceira do río Lagares: Presuposto 371.481.297 ptas.
- Colector de marxe de ría-treitos sete e oito: Presuposto 308.919.714 ptas.
- Colector de marxe de ría-treitos nove e dez: Presuposto 485.592.319 ptas.
- Pretratamento, aliviadoiro e bombeo na rúa A Coruña: Presuposto 314.944.769 pts.

Así mesmo, está previsto que o Consello da Xunta autorice proximamente o financiamento ó cen por cen das obras da primeira, segunda e terceira fase do colector da marxe da ría, pois o Concello xa remitiu a documentación completa. As obras poderanse licitar durante o ano 1997.

O 26 de xuño pasado publicouse no DOG a licitación da obra de desdoblamento do emisario submarino con obxecto de aumentala súa capacidade de desaugamento e mellorar substancialmente a situación da ría.

No primeiro semestre do ano 1997 está previsto licitar os colectores de Teis, o proxecto está actualmente en fase de corrección.

De acordo co anterior, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda está levando a cabo ou en fase de tramitación tódalas obras incluídas

no convenio, así como o desdoblamento do emisario e o aumento de capacidade da EDAR do río Lagares."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en vigor.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 1996.

Asdo.: Dositeo Rodríguez Rodríguez

Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta formulada por D. José Carlos Baños Márquez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos á recadación do canon de saneamento e as previsións do Goberno galego ó respecto (núm. 11.855. Pregunta núm. 10.681).

Ilmo. Sr.:

En relación coa Pregunta escrita nº 10.681, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Carlos Baños Márquez, sobre "os datos relativos á recadación do canon de saneamento e as previsións do Goberno galego ó respecto" (publicada no BOPG nº 510, do 12 de setembro de 1996), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, que ten o seguinte contido:

"O pasado día 1 de febreiro foi publicado e entrou en vigor o Decreto 27/1996, do 25 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento lexislativo do canon de saneamento das augas residuais, creado pola Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia.

A xestión do devandito canon, levada a cabo desde Augas de Galicia, conduce na data de hoxe ós seguintes resultados:

* O canon de saneamento expedíuselles a 900 entidades.

* O seu importe por concellos non se pode precisar nestes momentos xa que aínda non hai datos abondos que permitan facer unha valoración real.

* O volume total recadado é de 42 millóns de pesetas.

* Dos ingresos efectuados en Augas de Galicia, ningunha empresa superou os 10 millóns de pesetas.

* Das 900 entidades ás que se lles expediu o canon de saneamento, pagáronlle a Augas de Galicia 619.

* A previsión de recadación por canon de saneamento para 1997 é de 150 millóns de pesetas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en vigor.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 1996.

Asdo.: Dositeo Rodríguez Rodríguez

Conseilleiro da Presidencia e Administración Pública

9

INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

9.1 INFORMACIÓNS

Rexeitamento da Proposición de lei formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D^a María Pilar García Negro, de reforma da Lei do Estatuto galego do consumidor e usuario (núm. 10.031).

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 22 de outubro de 1996, non tomou en consideración, por 28 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención, a Proposición de lei formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D^a María Pilar García Negro, de reforma da Lei do Estatuto galego do consumidor e usuario (doc. núm. 10.031, publicado no BOPG núm. 473, do 28 de maio de 1996).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 1996.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Rexeitamento da Moción, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Xesús Vega Buxán, sobre o cumprimento do previsto na Lei 12/1993, do 29 de xullo, de fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico de Galicia (núm. 11.516. Interpelación núm. 8.696).

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 22 de outubro de 1996, rexeitou, por 27 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención, a Moción, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Xesús Vega Buxán, sobre o cumprimento do previsto na Lei 12/1993, do 29 de xullo, de fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico de Galicia (doc. núm. 11.516, publicado no BOPG núm. 528, do 10 de outubro de 1996).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 1996.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Rexeitamento da Moción, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a presentación pola Xunta de Galicia ante o Goberno central das demandas de mellora do ferrocarril aprobadas no Parlamento e a correspondente consignación presupostaria para 1997 (núm. 11.524. Interpelación núm. 10.025).

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 22 de outubro de 1996, rexeitou, por 28 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención, a Moción formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a presentación pola Xunta de Galicia ante o Goberno central das demandas de mellora do ferrocarril aprobadas no Parlamento e a correspondente consignación presupostaria para 1997 (núm. 11.524, publicado no BOPG núm. 528, do 10 de outubro de 1996).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 1996.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Rexeitamento da Proposición non de lei en Pleno formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Xaime Bello Costa, sobre o mantemento da actual estrutura organizativa do centro mineiro-eléctrico integrado de ENDESA nas Pontes (núm. 10.642).

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 22 de outubro de 1996, rexeitou, por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención, a Proposición non de lei formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Xaime Bello Costa, sobre o mantemento da actual estrutura organizativa do centro mineiro-eléctrico integrado de ENDESA nas Pontes (doc. núm. 10.642, publicado no BOPG núm. 508, do 10 de setembro de 1996).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 1996 .

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Rexeitamento da creación dunha Comisión de investigación, formulada por unha quinta parte dos deputados da Cámara pertencentes ó G.P. dos Socialistas de Galicia, para determina-los motivos, as consecuencias e as presuntas responsabilidades derivadas da actuación dos responsables do Sergas e da Xunta de Galicia en relación coa entrega de diñeiro público á empresa Huarte (núm 11.507).

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 22 de outubro de 1996, rexeitou, por 27 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención, a creación dunha Comisión de investigación, formulada por unha quinta parte dos deputados da Cámara pertencentes ó G.P. dos Socialistas de Galicia, para determina-los motivos, as consecuencias e as presuntas responsabilidades derivadas da actuación dos responsables do Sergas e da Xunta de Galicia en relación coa entrega de diñeiro público á empresa Huarte (doc. núm 11.507, publicado no BOPG núm. 533, do 17 de outubro de 1996).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 1996.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Retirada da Pregunta oral en Pleno formulada por D. José Antonio Ventoso Mariño e D. Uxío Labarta Fernández, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a realización de xestións ante o Goberno central respecto das cotas de fletán e de bacallao implantadas na NAFO para a flota galega (núm. 11.361).

Presidencia

No Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 22 de outubro de 1996, retirouse a Pregunta oral en Pleno formulada por D. José Antonio Ventoso Mariño e D. Uxío Labarta Fernández, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a realización de xestións ante o Goberno central respecto das cotas de fletán e de bacallao implantadas na NAFO para a flota galega (doc. núm. 11.361, publicado no BOPG núm. 525, do 1 de outubro de 1996).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 1996 .

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira